



CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO ABERTO		
Unidade Tramitadora:		
Contratacion e Obras Publicas - SMBM		
Número expediente:	Documento:	Data:
CON/64/2012	CONWI0FP	04-09-2012
202N1V70724W2010PWY		

ACTA DA REUNIÓN MANTIDA POLOS MEMBROS DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN CONTIDA NO SOBRE "B" REFERENTE ÓS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO DO SERVIZO INTEGRAL DE COMEDORES NOS CEIP DE A SOLAINA, A GÁNDARA, VIRXE DO MAR E O FEAL.

Ás 11 horas e corenta e cinco minutos do día 4 de setembro de 2012, reuníronse baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. José M. Blanco Suárez, D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario Xeral) D. José Gonzalo Gómez Prego (Interventor Accidental), D. Alfonso Filgueira López (Xefe do Servizo Sociocomunitario), Mario Isasi Méndez (concelleiro delegado de Patrimonio, Estatística e Transporte), e actuando como secretaria da Mesa Dna. Susana Barbeito Míguez, constituídos en Mesa de Contratación do servizo integral de Comedores nos CEIP de A Solaina, A Gándara, Virxe do Mar e o Feal, co gallo de proceder ó exame do informe técnico realizado sobre as ofertas presentadas polas empresas que concorren ó procedemento aberto con varios criterios de adxudicación tramitado ó efecto, publicada a súa convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, nun xornal, e no Perfil do Contratante deste Concello

Declarada aberta a sesión pola presidencia, éntrase a debater o informe elaborado polos Servizos Técnicos, que se achega como anexo a esta acta, no que se analizan tódalas propostas presentadas avaliando os aspectos recollidos no Prego de Cláusulas Administrativas, resumido no seguinte cadro:

Criterios de valoración	Catering Caranza, S.L.	Serunión, S.A.	Villasenín, S.A.
Elaboración de menús	11	13	13
Cualificación persoal e actividades complementarias	9	14	11
Control de calidade produtos alimenticios	6	8	8
TOTAL	26	35	32

A Mesa de Contratación, fai seu o informe emitido polo Xefe de Servizo D. Alfonso Filgueira López

Sen máis asuntos que tratar, e dando por rematado o presente acto, levántase a correspondente Acta, a cal será refendada coa sinatura do Sr. Presidente, perante min, a Secretaria, no lugar e data sinalados no encabezamento, sendo as once horas e cincuenta e cinco minutos. Dou fe.

